BASES DA PROMOCIÓN- “APOIO AO DEPORTE VIGUÉS”

HYUPERSA VIGO realiza unha promoción no ámbito territorial de España coa finalidade de sortear dunha MITT Super 125.

Entrarán no sorteo os boletos das matrices entregadas polos clubs.

O donativo por cada boleto é de un euro.

Beneficiario/a

Poderán participar na promoción os/as españois/as maiores de idade e residentes en España; así coma, os/as estranxeiros/as, maiores de idade e residentes en España, coa tarxeta de residencia en España en vigor.

Sorteo

Haberá un sorteo público no que se extraerá o número gañador; e dous números máis que serán os suplentes.

Unha vez publicitado o número, no caso de non aparecer o gañador durante os primeiros quince días naturais despois do sorteo, ou non reclame o premio, renuncie, ou non cumpra cos requisitos establecidos nestas bases, pasará o premio ao primeiro suplente que terá quince días naturais para reclamalo e senón ao segundo.

Así pois, o prazo de reclamación do premio finaliza ao mes e medio de realizado o sorteo, data límite tras a cal de non aparecer ningún dos números agraciados, o premio quedaría deserto.

O sorteo realizarase o día 10 de decembro de 2023 durante o descanso do partido C.P. AlertaNavia – Juv. Cambados la Liga Preferente Galicia en presenza de representantes de ambas as dúas entidades e demais público.

HYUPERSA VIGO e VIDE resérvanse o dereito a modificar ou cancelar as condicións do sorteo durante o desenvolvemento deste, por circunstancias alleas ao control de ambas entidades e que o fagan aconsellable.

Publicación dos gañadores

O/a gañador/a do sorteo autoriza a HYUPERSA VIGO e á Fundación VIDE a facer público o seu nome.

Premio

A reclamación do premio se cursará de forma presencial coa entrega do boleto gañador nas oficinas da Fundación VIDE na Rúa Cesáreo González, s/n de Vigo.

O premio non inclúe as tasas e impostos inherentes á matriculación da moto.

O premio non poderá ser modificado polos beneficiarios nin canxeado por diñeiro.

HYUPERSA VIGO e a Fundación Vigo en Deporte resérvanse o dereito de substitución do premio inicialmente previsto, por outro de similares ou superiores características.

Período da promoción

A data de comezo da campaña será o 16 de outubro de 2023 e a data de finalización o 10 de decembro de 2023.

As matrices dos boletos vendidos as entregarán os clubs na sede de VIDE antes do día 27 de novembro de 2023.

Toda a información relacionada co desenvolvemento da promoción e o sorteo comunicarase a través da web oficial (www.vide.es).

Outras consideracións

A inscrición á promoción supón a aceptación dos presentes termos e condiciones, así como, do criterio de HYUPERSA VIGO e VIDE en canto á resolución de calquera cuestión ou incidencia derivada do sorteo.

Estas condicións réxense pola Lei Española. HYUPERSA VIGO, VIDE e os participantes na promoción sométense, coa renuncia expresa a calquera outro foro; aos xulgados e tribunais da cidade de Vigo para calquera controversia que se poida xerar.

FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE